



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Educación, Cultura e Deportes  
Expediente: 2023000005801

## RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2023- ÁREA DE AUDIOVISUAIS

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia número 29034, do 21 de xullo de 2023, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2023-Área de audiovisuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no prazo de alegacións concedido presentáronse as seguintes alegacións e emendas:

### \* **Santiago Teijelo Vázquez**

Con data do 28 de xullo presentou escrito solicitando aclaración da puntuación acadada. O tribunal emitiu informe ratificando a puntuación, especificando a puntuación obtida en cada apartado por Santiago Teijelo Vázquez, o que lle foi notificado ao interesado con data 4 de agosto de 2023.

### \* **Angela María Andrada Gómez**

Presentou un escrito solicitando modificar o seu proxecto, de conformidade co sinalado no punto 6.7 das bases reguladoras. O tribunal emitiu informe autorizando a modificación do proxecto.

### \* **Sara Hermo Alonso**

Presentou un escrito solicitando modificar o seu proxecto, de conformidade co sinalado no punto 6.7 das bases reguladoras. O tribunal emitiu informe autorizando a modificacións do proxecto.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

### **RESOLVO:**

**Primeiro.- Confirmar** a puntuación acadada por Santiago Teijelo Vázquez, de acordo co informe emitido polo tribunal.

**Segundo.- Aprobar** a modificación do proxecto de Sara Hermo Alonso e de Angela María Andrada Gómez.

**Terceiro.- Conceder definitivamente** as bolsas ás seguintes persoas:

**Titular da bolsa:** DE RON FERREIRÓS, TRISTÁN  
**NIF:** \*\*\*0232\*\*

**Expediente:** 2023000021448

**Obxecto da bolsa:** *Máster en Animación y Realización 2D. ECIB Escuela de Cine de Barcelona.*

**Importe da bolsa:** 10.000 €

**Titular da bolsa:** ANDRADA GÓMEZ, ÁNGELA MARÍA

**NIF:** \*\*\*0867\*\*

**Expediente:** 2023000021468

**Obxecto da bolsa:** *O laboratorio "LabGuion", da Corporación Cinefilia, Medellín, Colombia e asesoría de guión, da Escuela de Guion de Madrid.*

**Importe da bolsa:** 10.000 €

**Titular da bolsa:** HERMO ALONSO, SARA

**NIF:** \*\*\*1385\*\*

**Expediente:** 2023000021394

**Obxecto da bolsa:** *Curso de Arte Generativo y vídeo en directo en La Casa Encendida (Madrid)- Especialización y Mestría en Lenguajes Artísticos Combinados e cursos complementarios específicos na Universidad Nacional de las Artes (Arxentina)*

**Importe da bolsa:** 10.000 €

**Cuarto.- Disponer** o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación número 220230007641, por importe total de 30.000 €

**Quinto.- Nomear suplentes** ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Primeiro suplente: Sanjurjo García, Andrés

Segundo suplente: Teijelo Vázquez, Santiago

Terceiro suplente : Pena Maceda, Ignacio Eduardo

**Sexto.- Publicar** a presente resolución definitiva na sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.